



<b>Materia</b>	Economía e Emprendimiento		<b>Departamento</b>	Economía
<b>Docente</b>	Francisco Núñez - Marta Blanco			
<b>Curso/Grupo</b>	4º ESO A/B/C/D	<b>Ano académico</b>	2023 - 2024	
<b>Contidos</b>				
<b>1º Trimestre</b>	Introducción á Economía como ciencia e conceptos básicos relacionados co mercado e a empresa.			
<b>2º Trimestre</b>	O contorno da empresa, o financiamento e o emprendemento.			
<b>3º Trimestre</b>	O proxecto emprendedor.			
<b>Obxectivo</b>				
<i>A materia de Economía e Emprendemento pretende achegarse aos conceptos básicos da economía e promover unha atitude emprendedora, facendo uso das ferramentas básicas de xestión empresarial que tamen se introducen na materia.</i>				
<b>Metodoloxía</b>				
<i>Promoverase o traballo por proxectos para favorecer a aprendizaxe competencial, combinado explicacións teóricas, traballo individual e traballo en grupo. Fomentarase a creatividade e o traballo en equipo. Os proxectos xirarán entorno á resolución de problemas reais de tipo práctico cun enfoque economicista. Ao longo de todo o curso elaborarse un proxecto de empresa. As ferramentas de avaliación serán probas obxectivas e os traballos plantexados en cada unha das avaliacións.</i>				
<b>Proceso de Avaliación Ordinario</b> (Ferramentas, procedementos, etc.)				
<p>1. Avaliación trimestral</p> <p>A cualificación final da avaliación parcial, determinarase de forma concreta na programación de aula, se ben, con carácter xeral, obterase mediante a suma das seguintes porcentaxes:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- 80 % da nota da proba obxectiva.</li><li>- 20% da nota dos traballos – obrigatorios e voluntarios – que se presenten, traballo en clase, cuxa valoración efectuarase segundo a porcentaxe que se lle atribua na programación didáctica. Inclúense tamén aquí as observacións en aula recollidas polos docentes en base ao traballo, comportamento e xestión do material.</li></ul> <p>Esta distribución das cualificacións é xenérica, dependendo de como estén distribuídas na programación e o tipo de unidade. Cara ao final de curso a avaliación basarase máis en traballos que en probas obxectivas, sendo nalgúns casos unidades exclusivamente por traballos. Non se reproduce aquí por falta de espazo.</p> <p>2. Proceso de recuperación dos trimestres non superados</p> <p>Na período inmediato á finalización dos trimestres o alumnado que non superase o trimestre terá a oportunidade de presentarse a unha nova proba obxectiva ou presentar novamente os traballos. En función dos resultados acadados calcularase a nova cualificación trimestral.</p>				

**3. Determinación da cualificación final da materia, ó remate da 3ª avaliación**

A cualificación final da materia será o resultado de calcular a media aritmética das cualificacións de cada un dos trimestres, aplicando sempre a cualificación mais favorable no suposto de que as cualificacións trimestrais foran obxecto de recuperación.

Se pese a todo non se supera a materia por non ser dita media superior a cinco, efectuarase unha proba obxectiva dos contidos traballados durante o curso. Dita proba poderá aplicarse tamén naqueles casos nos que o alumnado desexe subir nota.

Dita proba final abranguerá os contidos traballados nos tres trimestres.

**4. Proceso de recuperación da materia pendente de cursos anteriores (Non procede)**

**Proceso de avaliación Extraordinario (BAC) / Final (ESO) (Ferramentas, procedementos, etc.)**

*Ver punto tres do apartado anterior.*

**Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación**

Aqueles traballos que a criterio contrastable do docente se consideren copiados ou non orixinais non serán avaliados e teranse por non entregados.

O alumnado que sexa detectado utilizando métodos fraudulentos durante as proba obxectiva, dita proba se lle terá por non efectuada e non se poderá ter en conta no cálculo da cualificación trimestral ou final.

*(Extracto da programación do departamento)*



## RESUMO INFORMATIVO

- Os resumos teñen por obxecto concretar ás familias o proceso de cualificación da materia.
- Teñen que estar respaldados polo recollido na programación, pero poden concretar máis
- En principio, son responsabilidade do persoa concreta que imparte a materia, a quen corresponde a elaboración.
- Só no suposto de que dous os máis docentes que imparten a mesma materia sigan exactamente o mesmo procedemento poderase facer un resumo conxunto.

<b>Materia</b>	Empresa e modelos de negocio	<b>Departamento</b>	Economía
<b>Docente</b>	M <sup>a</sup> del Mar Neira González		
<b>Curso/Grupo</b>	2 <sup>o</sup>	<b>Ano académico</b>	2023/24
<b>Contidos</b>			
<b>1º Trimestre</b>	<p>Empresa e empresario. Clases de empresas e formas xurídicas.  A empresa e o contexto empresarial. O desenvolvemento empresarial.  A organización e dirección da empresa. A xestión dos recursos  A información na empresa e a fiscalidade empresarial.</p>		
<b>2º Trimestre</b>	<p>A función produtiva.  A función comercial.  A función financeira e de investimento.</p>		
<b>3º Trimestre</b>	<p>Modelo de negocio. Ferramentas para crear modelos de negocio  Simulación dun modelo e plan de negocio.</p>		
<b>Obxectivo</b>			
<p>A materia <b>Empresa e Deseño de Modelos de Negocio</b> trata de explicar a realidade empresarial, como unha rama da Economía especializada nun determinado suxeito económico: a empresa. A empresa é un axente esencial da actividade económica, que está presente de forma cotiá nos medios de comunicación, e forma parte da vida dunha grande maioría dos fogares.</p> <p>O coñecemento da empresa constitúe un paso esencial para entender o funcionamento global de Economía. A materia pretende a reflexión sobre como responden as empresas aos desafíos actuais que se lles presentan, onde o factor clave da súa actividade reside na innovación.</p> <p>Esta materia de modalidade está integrada no segundo curso do bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, e pretende, por unha banda, o coñecemento da empresa como axente fundamental no desenvolvemento económico, tendo en conta os valores propios da responsabilidade social corporativa e, pola outra, o fomento dunha cultura empresarial onde o alumnado medre en creatividade e espírito de innovación, e se incentive a elaboración de reflexións persoais e toma de decisións fundamentadas que permitan deseñar unha proposta de modelo de negocio e analizar a súa viabilidade.</p>			
<b>Metodoloxía</b>			
<p>A metodoloxía proposta é de ensinanza activa, na que a participación do alumnado é o elemento esencial, procurando a súa formación integral como cidadán. Prestarase atención especial á consecución da súa motivación. Trata de dar unha resposta competencial, pasando da aprendizaxe memorística a aplicar o coñecemento a situacións diversas e cambiantes, cun</p>			

enfoque interdisciplinar e favorecendo o traballo colaborativo.

### **Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)**

1. Proceso de cualificación trimestral: tipo de probas, peso de cada una e integración das mesmas na cualificación trimestral

A cualificación de cada avaliación parcial calcularase como media aritmética das cualificacións de cada unidade didáctica determinada pola aplicación dos instrumentos de avaliación referidos.

80% Proba obxectiva

20% Taboa de indicadores

#### **1. PROBA OBXECTIVA**

Na primeira e segunda avaliación tratarase de efectuar dúas probas obxectivas e na terceira farase unha a lo menos.

A estrutura de ditas probas estará, normalmente, integrada por dúas partes: unha de teoría e outra de práctica. No momento de realización do exame informarase ao alumnado da valoración de cada unha das preguntas e dos distintos apartados.

A duración da proba oscilará entre os 50 -90 minutos dependendo da natureza dos contidos e do horario e o tempo dispoñible.

Aquelas faltas de asistencia por parte do alumnado, que se produzan durante a realización das probas obxectivas, requirirán xustificación allea ó círculo persoal ou familiar do alumno para poder disfrutar dunha nova data de realización antes da que sería a correspondente recuperación, e en todo caso, sempre que as ausencias se deban a enfermidade ou causa maior.

#### **SUPERACIÓN DA PROBA**

Para que se considere superada a proba obxectiva da avaliación será requisito imprescindible acadar unha cualificación mínima de cinco puntos na media aritmética das distintas probas parciais realizadas no trimestre.

Copiar durante a realización dunha proba obxectiva, ou non atender as indicacións que de cara a previr este tipo de actuacións, poida dar o profesorado (non dispoñer de mochila, móbiles, reloxos intelixentes, apuntes ou outro material similar na mesa ou arredores,;), suporá a recollida da proba e unha puntuación na mesma de cero puntos, non tendo máis repercusión que ésta ou de xeito semellante, que a que tería o entregar a proba en branco; dita proba será pois obxecto de recuperación nas mesmas condicións que o resto do alumnado, dado que doutro xeito estaría a gozar dun privilexio que non correspondería en ningún caso e menos aínda tendo en conta a actuación do discente.

Para que a primeira proba parcial se considere superada a efectos de fecer media coa segunda proba necesítase unha puntuación mínima de 3 puntos. Se a puntuación acadada nesta proba

parcial fose inferior a 3, teran que repetirse os contidos desta parte na seguinte proba.

### **Cualificación de cada avaliación parcial:**

Calcularase como media ponderada das cualificacións das unidades didácticas determinadas pola aplicación dos instrumentos de avaliación referidos.

Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

### **2. Proceso de recuperación de partes pendentes**

**O alumnado que non supera algunha avaliación parcial**, será convocado a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. Ademais, abriranse prazos para que poida entregar as tarefas pendentes, ou repetilas, no caso de ser preciso. A cualificación será o resultado de aplicar os instrumentos de avaliación referidos.

**O alumnado que non superou as avaliacións parciais**, terá que presentarse á proba final (PE), que versará sobre os contidos específicos das avaliacións suspensas. A cualificación da avaliación ordinaria calcularase como media das cualificacións das avaliacións parciais superadas e a cualificación da proba final correspondente ás avaliacións non superadas, sen aplicar o redondeo. Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación. Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación ordinaria sexa mínimo 5.

### **3. Determinación da cualificación final da materia, ó remate da 3ª avaliación (ESO e BAC)**

#### **Cualificación avaliación ordinaria:**

Calcularase como media ponderada das cualificacións das avaliacións parciais sen aplicar o redondeo.

Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

**Proceso de avaliación Extraordinario (BAC) / Final (ESO) (Ferramentas, procedementos, etc.)**

**O alumnado que non superou a materia na avaliación ordinaria** será convocado a unha proba extraordinaria, que versará sobre a totalidade dos contidos expostos, e que se realizará no mes de xuño, nas datas determinadas pola dirección do centro segundo estableza a Orde pola que se aproba o calendario escolar para cada curso. A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita (aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación mínima de 5.

**Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación**

*(Extracto da programación do departamento)*